

Xeira Alén Miñor: tras os pasos do conde de Gondomar

Escrito por IEM

Venres, 17 Abril 2015 22:25



Comezamos unha nova etapa presentando unha actividade que esperamos sexa do agrado dos socios e amigos do IEM. *Alén Miñor* móstrase como unha variante das exitosas "Xeiras", tentando combinar cultura e viaxe con espazos de convivencia. O responsable e coordinador desta nova actividade é Pablo Casal, membro do IEM. A primeira proposta cremos que ten unha compoñente moi especial, xa que está relacionada directamente coa historia de Gondomar e o Val Miñor. Renderemos homenaxe á figura do persoeiro máis relevante da bisbarra, Diego Sarmiento de Acuña, I Conde de Gondomar.

A súa sona traspasou as fronteiras do imperio dos Austrias, chegando a diversos lugares do continente, sobre todo como figura política e diplomática da época. Era, ademais, un intelectual. Posuía unha cultura vasta, pouco usual para a época na que viviu, e como bibliófilo reuniu unha biblioteca persoal das máis importantes do seu tempo. Nesta xeira visitaremos algúns dos lugares onde viviu, traballou e pasou parte da vida.

CARACTERÍSTICAS DA VIAXE

DATAS: 26-27-28 de Xuño

HORARIO APROXIMADO:

SAÍDA DO AUTOCAR: 9,00 h. do venres 26 -dende a sede do IEM-, en Gondomar.

CHEGADA: Media tarde do Domingo 28, a sede do IEM, en Gondomar.

ITINERARIO

Venres 26: Chegada a Zamora, a través das terras do pan, sobre as 13,00 h. Primeiro contacto cunha "praza maior" como elemento urbanístico recorrente da viaxe. Comida na cidade (por conta de cada quen) e visita guiada polo importante e monumental casco histórico murado con especial énfase no románico. Visita ao "Consejo Consultivo de Castilla y León", exemplo de integración de arquitectura contemporánea de calidade nun casco histórico de alto valor patrimonial. Pola noite, a través das terras do viño, desprazamento á vila de Perdigón (13 Km) para cear -asado nunha antiga adega subterránea- .

Durmida nun hotel céntrico da cidade de Zamora. Abaixo, o río Douro.

Sábado 27: Almorzo no hotel. Saída ás 9,15 h. cara a cidade de Toro (39 Km), onde foi "Corregidor" Diego Sarmiento. Visítase o casco histórico murado sobre o Douro, a gran colexiata e entrárase en contacto cos produtos que produce a agricultura da comarca. Comida (por conta de cada quen).

De seguido, sairemos cara á poboación de Tordesillas (36 Km), onde visitaremos o seu casco histórico presidido por unha espléndida Praza Maior. E lembraremos a Juana "la loca", mentres contemplamos como pasa o Douro.

Tras visitala sairemos cara a Valladolid (30 Km).

O chegar, paseo polo Campo Grande e a Praza Maior. Cea nun restaurante da cidade e,

posteriormente, descanso nun céntrico hotel.

Domingo 28: Almorzo no hotel e a partir das 9,15 h.visita ao núcleo histórico que acolleu a corte dos Austrias na primeira metade do XVI e primeiros anos do XVII. Nesa época, antes de que a corte se trasladara definitivamente a Madrid, a cidade foi capital do imperio.

Formando parte do antigo núcleo da Corte toparemos a Casa do Sol, palacio mercado polo Conde de Gondomar no que viviu durante un tempo coa familia. A carón del, a igrexa de "San Benito el Viejo" tamén propiedade de D. Diego. Na cripta desta foi enterrado o Conde. Visitaremos ambas as dúas pezas.

Comida (por conta de cada quen). Saída cara ao Val Miñor, con posible parada de descanso e refresco nalgunha poboación de camiño.

PREZOS

SOCIOS: 150 EUROS

NON SOCIOS: 162 EUROS

O prezo inclúe a viaxe en autobús, dúas ceas, dous almorzos e hotel en Zamora e Valladolid. Tamén inclúe todas as visitas polos diferentes monumentos e espazos urbanos que percorreremos. As visitas serán guiadas por Antonio Soliño Troncoso, arquitecto e membro do IEM.

RESERVA: 120 EUROS SOCIOS, 130 EUROS NON SOCIOS (antes do día 20 de Maio). A reserva debe depositarse na conta do Instituto de Estudos Miñoranos número **2080.5035.07.3040014164**, de ABANCA (ex Novagalicia Banco). Logo reenviar o comprobante ao enderezo electrónico oficina@minhor.org, As reservas farémolas por rigorosa orde de chegada

As habitacións son dobres -se algunha persoa desexa estar soa deberá abonar 18 euros por noite a maiores-

Xeira Alén Miñor: tras os pasos do conde de Gondomar

Escrito por IEM

Venres, 17 Abril 2015 22:25

Queda a disposición para maior información o teléfono 627276816 , do noso compañeiro Pablo Casal, coordinador das Xeiras Alén Miñor de luns a venres de 18 a 22 horas.

Nota: Nestas Xeiras Alén Miñor a organización resérvase o dereito de anular a saída de non acadarse o mínimo de 40 viaxeiros.